Vistas as actas da mesa de contratación correspondentes ao día 11 de marzo de 2.011 (apertura sobre A), 22 de marzo de 2.011 (Apertura sobre B) e 30 de marzo de 2.011 (Apertura sobre C), correspondentes ao expediente nº 51/2011, referente ao procedemento aberto con varios criterios de adxudicación do contrato de obras "PROXECTO AQUASOL: PARQUE PÚBLICO E PISCINA NATURAL EN NAVALIÑOS".

Visto igualmente que na acta da mesa de contratanción celebrada o día 30 de marzo de 2.011, e trala correspondente valoración conxunta das ofertas realizadas tanto no sobre B como no sobre C, de conformidade cos criterios de valoración previstos no punto 15 dos pregos de cláusulas administrativas a mesa de contratación decidiu propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do citado contrato a favor da empresa: Esqueiro S.L, por ter obtido a máxima puntuación como resultado da suma das valoracións obtidas tanto dos criterios suxeitos a un xuízo de valor como dos suxeitos a unha valoración a través de fórmulas matemáticas.

Visto igualmente o previsto na cláusula 16 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a presente contratación, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Propoñer a adxudicación do contrato denominado: "PROXECTO AQUASOL: PARQUE PÚBLICO E PISCINA NATURAL EN NAVALIÑOS" á oferta presentada por ESQUEIRO S.L con C.I.F nº B-15590581 e domicilio social no Polígono Industrial de Pocomaco, 3ª avenida Sector I-16 15190 A Coruña, polo importe de: 204.306,96 euros e 36.775,25 euoros de IVE (Total: **241.082,21 euros**)

e de acordo coas seguintes consideracións:

-Prazo de execución da obra 90 días naturais a contar desde a sinatura da acta de comprobación de replanteo.
-Prazo de garantía 4 anos a contar a partir da recepción das obras.
-As restantes condicións establecidas na oferta realizada en canto a referencias técnicas e igualmente conforme ao previsto nos pregos de cláusulas administrativas e no proxecto redactado polo enxeñeiro D. José Manuel Suárez Esmoris.

SEGUNDO: Requirir á empresa adxudicataria para que, tendo en conta a tramitación urxente do presente expediente, no prazo máximo de 5 días hábiles a partir da recepción da presente resolución, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e de seguridade social, no caso de no ter sido xa presentadas, no Concello de Cabana de Bergantiños e xustifique a constitución en favor da entidade dunha garantía definitiva á que se refire o artigo 83 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, LCSP, polo importe equivalente ao 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

TERCEIRO: Nomear Técnico-Director das obras e Coordinador de Seguridade e Saúde das mesmas ó Enxeñeiro Técnico Industrial, Don Jesús Manuel Mallo Puga, quen deberá efectua-lo correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comenzo das obras, documento que deberá exhibi-lo facultativo ó

contratista. (O contido do aviso previo é o indicado no Anexo III do Real Decreto 1627/1997). Asi mesmo, deberá informa-lo Plan de Seguridade e Saúde presentado polo contratista, que se elevará xunto co seu informe ó órgano de contratación para a súa aprobación.

CUARTO: Proceder a notificar a presente resolución a tódolos contratistas, así como proceder á publicación de estracto da mesma no perfil do contratante do Concello de Cabana de Bergantiños (www.concello-cabana.com).